BENEDICTA SÁNCHEZ

A VIDA DE BENEDICTA…

Naceu o 11 de outubro de 1935 no lugar de San Fiz na parroquia de Paradela do concello lucense do Corgo.

Ten 85 anos.

Casou aos 17 anos cun mozo de Pol, un concello da provincia de Lugo, e marcharon vivir alí. Aos 25 anos marchou co seu home ao Brasil. En Río de Xaneiro traballou nunha casa, nun bar, nunha librería pero finalmente atopou a súa paixón na fotografía, ao que se adicou o resto do tempo en América. Tivo unha filla pero anos despois separouse do seu home por malos tratos. Retornou a España coa súa filla e instalouse en Valencia. Logo volveu ó Corgo para adicarse ás terras e á casa familiar.

Con 17 anos fíxose vexetariana nunha época na que non era frecuente facelo.

A SÚA CARREIRA COMO ACTRIZ

En 2019 debutou como actriz cun papel protagonista na película O que arde, dirixida por Oliver Laxe. Narra a historia de Amador, que sae do cárcere tras cumprir condena por provocar un incendio e regresa á súa casa, unha aldea perdida das montañas lucenses, onde volverá convivir coa súa nai, Benedicta, a súa cadela Luna e as súas tres vacas. Unha vida tranquila en plena natureza ata que todo cambia cando un lume violento arrasa a zona.

Este filme gañou no Festival de Cannes o Premio do Xurado da sección Un Certain Regard.

A SÚA CARREIRA COMO ACTRIZ

Na súa primeira aparición ante as cámaras, sen ter ningunha experiencia previa, en 2020 gañou con 84 anos o premio Goya á Mellor Actriz Revelación.

Foi a actriz de maior idade en conseguir o galardón cinematográfico nesta categoría, sendo a segunda de maior idade nas categorías de intérpretes femininas.

https://www.youtube.com/watch?v=zEjwyyiIb6s

Como podemos ver no vídeo, Benedicta subiu acompañada a recoller o premio, que acariñou e bicou. As palabras que recitou foron:

"A vida dáche sorpresas e esta é unha moi grande para a miña longa existencia [...] Son galega e quero tamén o Goya para Galicia, a miña terra meiga, e dicir tamén que estou namorada de España e síntome moi perita"

COSTA DEL SOL
MÁLAGA
Unicaja Banco
Ayuntamiento
de Málaga
JUNTA DE ANDALUCIA
federópticos
OLED
LG
rtve
AIRE
DE
SEVILLA
PREMIOS
GOYA
34

PREMIOS
GOYA
34
rtve

POR QUE ESCOLLÍN A BENEDICTA SÁNCHEZ?

Cando tiven a oportunidade de escoller a unha muller galega que destacara nalgún ámbito pensei en Benedicta Sánchez. Pois na clase de Técnicas de Expresión Gráfico Plástica debuxeina.

Asombroume que cos seus 85 anos, e con todo o que viviu, presentouse sen experiencia previa no cinema ao casting da película O que Arde, grazas a súa filla. E resultou ser á elexida. A partir de aí, foi nominada ao Goya como á Mellor Atriz Revelación e gañou.

Só podería definila como unha muller que malgasta vitalidade, bo humor, humildade e sabedoría.

O DEBUXO DE BENEDICTA SÁNCHEZ

Natalia Cervelo Ferreiro 2° Bach